

*A todos os meus alumnos e alumnas.
Sen eles, este libro non existiría.*

José Carlos Román

*A todos os profes que me acompañaron ao longo da miña
formación; en especial, ao de mates de última hora
dos venres por todo o que lle tocou aturar.*

Robert Garcia

Como funcionan os profes? Manual de instruccións
Colección Míau

Primeira edición: setembro 2025

Título orixinal: ¿Cómo funcionan los profes? Manual de instrucciones

© Ediciones Jaguar, 2025

C/ Peñuelas 26 C. Local 17-18. 28005 Madrid
www.edicionesjaguar.com

© Texto: José Carlos Román, 2025

© Ilustracións: Robert Garcia, 2025

© Tradución: Vanesa López, 2025

📘 EdicionesJaguar

✉ @Ed_Jaguar

📺 edicionesjaguar

📺 ediciones_jaguar

THEMA: YBC

ISBN: 978-84-10208-57-5


Depósito legal: M-9155-2025

Impreso en España


TODOS OS DEREITOS RESERVADOS

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode realizarse coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei.

Diríxase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org)
se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.




miau




SABES TODOS OS
SEGREDOS QUE
AGOCHA O TEU
OU A TÚA PROFE?



QUERES CHEGAR
A SER O ALUMNO OU
A ALUMNA NUMBER #1?





QUERES
APROVEITAR
AO MÁXIMO
A TÚA
RELACIÓN CO
PROFESORADO?



PROFE



POIS ESTE É
O TEU LIBRO!




DESCUBRE NESTE
MANUAL COMO
FUNCIONAN OS
PROFES.

COMO TE DIRIXES Á OU AO PROFE?

Comecemos por algo básico.

Se cadra, tes certa confianza e usas o seu nome, pero hai nenos e nenas que adoitan empregar cousas como «profe», «profesor», «profesora», «mestre», «mestra», «seño»...

Poida que nalgunha ocasión pasases o bocado amargo de trabucarte e dirixirte ao ou á profe como «papá» ou «mamá». Sabes que termos utiliza a cativada doutros países?



A ORIXE DOS MESTRES


Aínda que che pareza raro, antes que os profes da túa escola houbo outros moitos profes no mundo. Sabes cales foron os primeiros da historia?

NENOS,
PORTÁDEVOS BEN!
COMO BAIXE
ZEUS DO OLIMPO,
VEREDES!



Os primeiros homes que deron clase vivían na antiga Grecia. Considéranse os primeiros mestres da historia.

Como sería un día calquera no colexio daquela?



SE TEÑO CATRO
GLADIADORES E OS
LEÓNS PAPAN DOUS,
CANTOS GLADIADORES
QUEDAN?



IV-II=?



ISO SON
CINCO,
NON DOUS!



Na antiga Roma era común que os mestres máis pobres impartisen as clases na esquina dunha rúa ou nas prazas das cidades. As clases comezaban ao abrente e continuaban ata o mediodía. Imaxinas empezar tan cedo na escola?